

**CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS**

*O exame consta de 20 preguntas que se puntuarán da seguinte forma: ben contestada 0,5 puntos; en branco 0 puntos; mal contestada: -0,25*

**1.- Unha poboación ecolóxica é o conxunto de organismos que pertencen a diferentes especies, que interactúan entre si e fan vida nunha área xeográfica e tempo determinado. (Marque a opción correcta)**

VERDADEIRO/**FALSO**


**2.- Os cambios de tamaño dunha poboación están gobernados polos seguintes factores externos: (Marque os factores correctos)**

Enfermidades	Taxa de Emigración/Inmigración	Depredación
<b>Cambios do clima</b>	Dispoñibilidade de recursos	<b>Catástrofes</b>

**3.- Segundo a lei da tolerancia, un exceso ou defecto de calquera factor abiótico pode limitar ou impedir o crecemento dunha poboación, mesmo se todos os demais factores están dentro ou preto da banda óptima de tolerancia. (Marque a opción correcta)**

VERDADEIRO/**FALSO**

**4.- Represente de maneira esquemática o ciclo da auga.**



**5.- O tamaño máximo de poboación que o ambiente pode soportar indefinidamente nun período determinado, tendo en conta o alimento, auga, hábitat, e outros elementos necesarios dispoñibles nese ambiente, é a definición do concepto de:**

Capacidade de carga

**6.- En función de como obteñan a enerxía, os organismos clasifícanse en:**

a) <b>Fotótrofos</b>	b) <b>Quimiótrofos</b>
----------------------	------------------------

**CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS**


7.- Das seguintes características indique cales pertencen a un ecosistema pioneiro dentro da sucesión ecolóxica: (Marque as opcións correctas):

Eficacia na reciclaxe de nutrientes	<b>Baixa</b>	Alta
Diversidade de especies	<b>Baixa</b>	Alta
Redes tróficas	<b>Sinxela</b>	Complexas
Talla media dos organismos	<b>Pequena</b>	Grande

8.- Indique si os seguintes factores favorecen a biodiversidade: (Marque as opcións correctas)

Menor tempo dispoñible para a especiación	SI/NON
Maior estabilidade do medio	SI/NON
A maior homoxeneidade espacial do territorio	SI/NON
Unha maior competencia interespecífica	SI/NON

9. Debuxe as pirámides de idade de tres poboacións con crecementos:



10.- Diferenza os seguintes conceptos: Producción NETA e Producción BRUTA  
A cantidade de enerxía fixada por unidade de tempo denomínase producción bruta.  
A enerxía almacenada en cada nivel trófico potencialmente dispoñible para ser transferida ao seguinte nivel denomínase producción neta.

11.- A superficie necesaria para producir os recursos consumidos por un cidadán, así como a necesaria para absorber os residuos que xera define o concepto de:  
**Pegada ecolóxica**

12.- Ordene de menor a maior os seguintes combustibles segundo a cantidade de CO2 emitido por unidade de enerxía producida:

- Enerxía nuclear.1**
- Gas natural 2**
- Petróleo 3**
- Electricidade producida con carbón 4**

**CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS**

**13.- Un composto homobiótico é aquel que: (Marque as opcións correctas)**

Non se degrada facilmente	SI/NON
Afecta a todo tipo de organismos	SI/NON
Tende a acumularse nos niveis tróficos superiores	SI/NON
A súa orixe é sintética	SI/NON

**14.- Durante a eutrofización dun lago as súas augas volveranse turbias, diminuírá o seu contido de osíxeno disolto e presentarán unha maior biomasa de algas. (Marque a opción correcta)**

**VERDADEIRO/FALSO**

**15.- A polución pódese evitar, ou polo menos reducir, se se seguen as catro “erres” na utilización dos recursos. Cales son estas “erres”?**

a) Reducir	c) Reciclar
b) Reutilizar	d) Recuperar

**16.- Ao parámetro empregado para determinar o grao de contaminación dunha mostra líquida medindo a cantidade de materia que contén susceptible de ser consumida ou oxidada por medios biolóxicos denomínaselle:**

**Demanda biolóxica ou bioquímica de osíxeno (DBO)**

**17.- Que é un recurso sostible? (Marque as opcións correctas)**

O que pode ser usado antes de que o seu substituto sexa desenvolto	SI/NON
O que pode ser usado indefinidamente	SI/NON
O que pode ser usado soamente baixo pequenas taxas de consumo	SI/NON
O que pode ser usado sen provocar contaminación	SI/NON

**18.- Indique cunha N ou unha H se son causas da erosión do solo naturais ( N) ou humanas ( H):**

Hídrica (N). Regadío artificial (H). Química (N). Gandería intensiva (H).

Gravitatoria (N). Deforestación (H). Temperatura (N). Agricultura intensiva (H).

Eólica (N).

**CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS**

**19.- Marque na táboa os aspectos inadecuados dunha xestión sostible do bosque.**

Reducir as curtas mediante a reciclaxe de papel
Cultivos de madeira en ciclos curtos
Curtas selectivas
Reducir a fragmentación dos grandes bosques remanentes
<b>Utilizar métodos de curta e de carrexo eficaces independentes dos efectos sobre a erosión</b>
<b>Excluír os servicios ecolóxicos e de recreo no cálculo do seu valor económico</b>

**20.- Nomee un indicador biolóxico de contaminación por dióxido de xofre no aire.**

**Por exemplo, os liques que a medida que a concentración de dióxido de xofre na atmosfera aumenta deixan de estar presentes na cortiza das árbores e nas rochas.**